

Somos un centro público,  
familiar, aberto á Comunidade  
Educativa.

Ao longo do curso festexamos  
diferentes actividades nas que  
se convida ás familias.

Valoramos as actividades ao aire  
libre e de contacto coa natureza,  
polo que o noso alumnado  
desfruta do patio de herba e  
árbores, da horta escolar e das  
praias máis próximas.

Realizamos excursións ao teatro,  
museos e actividades culturais  
de interese.

Pretendemos unha escola activa,  
innovadora, onde o alumnado  
medre en contacto coa natureza  
nun ambiente de afecto e  
confianza.

**FORMAMOS PARTE DE:**

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



**Plan de mellora das  
bibliotecas escolares**



**Plan de fomento de uso  
do galego**

**PLURINFANTIL**  
Centro plurilingüe acreditado en Educación Infantil



**Plan de formación do profesorado sobre:  
"Actualización de ferramentas dixitais"**



# ESCOLA INFANTIL "AS DUNAS"

CENTRO PLURILINGÜE ACREDITADO EN  
EDUCACIÓN INFANTIL

SOLICITUDE DE ADMISIÓN PARA O CURSO 21/22  
DO 1 AO 22 DE MARZO

**COÑÉCENOS E CONSULTA  
AS TÚAS DÚBIDAS  
NO TLF.986.380.120**

**PRESENCIAL, SE A SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA  
O PERMITE, OU DE XEITO VIRTUAL**

**VENRES 26 DE FEBREIRO 2021 ÁS 16:30  
MARTES 2 DE MARZO 2021 ÁS 16:30**

**\*\*SEMPRE CON CITA PREVIA**



**ATÓPANOS EN:**

Rúa Gondomar nº9  
36340 Panxón-Nigrán  
Teléfono: 986.380.120  
e-mail: [eei.dunas.panxon@edu.xunta.gal](mailto:eei.dunas.panxon@edu.xunta.gal)  
Páxina web:  
[www.edu.xunta.gal/centro/eeidunaspanxon](http://www.edu.xunta.gal/centro/eeidunaspanxon)



**VIDE COÑECERNOS!!**

**PREINSCRIPCIÓN PARA O CURSO  
21/22 DO 1 AO 22 DE MARZO**

## SERVIZOS DA ESCOLA:

- ESCOLARIZACIÓN DE 3 A 6 ANOS.
- 3 LIÑAS DE TRANSPORTE.
- XORNADA LECTIVA DE 8:45 A 13:45.
- LINGUAS DE APRENDIZAXE: CASTELÁN GALEGO E INGLÉS.
- PROFESORADO ESPECIALISTA EN: EDUCACIÓN INFANTIL, INGLÉS, PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA, AUDICIÓN E LINGUAXE E ORIENTACIÓN.
- PLAN MADRUGA DESDE AS 8:00. POLAS TARDES HAI ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PROPOSTAS POLA A.N.P.A. AMBAS ESTARÁN PENDENTES DA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA.
- COMEDOR SUBVENCIONADO. COMIDA DE ELABORACIÓN PROPIA EN HORARIO 13:45 A 14:30. TRASLADO EN AUTOBÚS A CARGO DO CENTRO. SERVIZO DE COIDADORA ATA AS 16:00.
- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CON PERSOAL ESPECIALIZADO.
- HORTA ESCOLAR ECOLÓXICA.
- PIZARRAS DIXITAIS, TABLETS, ORDENADORES E ROBOTS EN TODAS AS AULAS.
- A NOSA BIBLIOTECA ESCOLAR "BIBLIODUNAS" OFRECE: DINAMINACIÓN LECTORA, CONTACTOS, OBRADOIROS, SERVIZO DE EMPRÉSTITO, RECANTOS DE: INFORMÁTICA, LIBROS PARA ADULTOS E DE EXPERIMENTACIÓN E CREATIVIDADE.



### A horta de Lola



### Aula



### Patio



### Animación lectora

## COMO TRABALLAMOS:

A nosa finalidade é proporcionar unha educación experimental, creativa e vivencial. Pedagoxicamente baseámonos en diversas metodoloxías innovadoras:

- Aprendizaxe Montessori: propiciando materiais, espazos e situacións que favorezan a aprendizaxe autónoma do alumnado, favorecendo os seus propios descubrimentos.
- Matemáticas ABN: fomentando o cálculo mental a través da utilización de materiais e obxectos cotiás.
- Dinámica de Waldorf: dando a mesma importancia tanto aos contidos como aos procesos para chegar.
- Traballamos por Proxectos: proporcionando motivación no alumnado para aprender, desenvolvendo a súa autonomía, reforzando as súas habilidades sociais, promovendo a creatividade, fomentando o traballo cooperativo e atendendo á diversidade.
- Os contos/libros son a ferramenta máis importante e a máis usada no traballo diario das aulas.